



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 28 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores (RPA) (2026/G003/000686)

EXPEDIENTE: 2025/A006/000011

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores (RPA), asinado en data 18 de xullo de 2025, e que establece os compromisos necesarios para garantir o cumprimento do previsto no Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Considerando que, segundo as cláusulas quinta e oitava do Convenio, calquera concello galego poderá adherirse a este convenio en calquera momento durante a súa vixencia.

Vista a Resolución de alcaldía de data 6 de marzo de 2026 (Res. 273/2026) pola que se adxudica o servizo de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e xestión do punto limpo municipal no Concello de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores (RPA), asinado en data 18 de xullo de 2025.

Segundo.- Aceptar todos os pactos e estipulacións contidos no Convenio marco, en particular no relativo á cláusula quinta, conforme o modelo de adhesión escollido, optando pola opción A: “A entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando a contenerización, o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo III do precitado convenio marco”.

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz